



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

Fundamentos metodolóxicos e novas tecnoloxías

Docentes

Déborah GONZÁLEZ (coordinadora)

Fátima DÍEZ PLATAS

Juan M. ESCOURIDO

Israel SANMARTÍN BARROS

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2021/2022



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: Déborah González, Fátima Díez Platas, Juan M. Escourido, Israel Sanmartín Barros.

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- **Nome e código:** *Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías* (código P5091101)

- **Tipo de materia:** obrigatoria

- **Número de créditos ECTS:** 6 (18h. expositivas, 24h. interactivas, 6h. de titorías programadas).

- **Duración:** 1º cuadrimestre

- **Profesorado:**
 - Déborah González (coordinadora da materia). Área de Filoloxía Románica, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía, despacho 111, correo-e: deborah.gonzalez@usc.es
 - Fátima Díez Platas. Historia da Arte, Departamento de Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia, despacho 410 (edificio de Mazarelos), correo-e: fatima.diez@usc.es.
 - Israel Sanmartín Barros. Historia Medieval, Departamento de Historia Medieval e Moderna, Facultade de Xeografía e Historia, despacho 233, correo-e: israel.sanmartin@usc.es.
 - Juan M. Escourido. Área de Filoloxía Románica, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía, despacho 111, correo-e: juanmanuel.escourido@usc.es

- **Horario de titorías:**
 - Déborah González: luns e martes, 10:00-13:00 (despacho 111 - Facultade de Filoloxía)
 - Fátima Díez Platas: martes, 11:00-13.30 (despacho 322 - Facultade de Filoloxía); martes, 16.30-20:00 h. (despacho 410 - Facultade de Filosofía).
 - Israel Sanmartín Barros: luns, martes, mércores de 12:00 a 14:00 horas (despacho 233 - Facultade de Xeografía e Historia).

- Juan M. Escourido: xoves de 12.00 a 16.00 – venres de 10.00 a 12.00 (Sala 102 - Facultade de Filoloxía).

➤ **Lingua(s) en que se imparte:** galego e español

➤ **Calendario e horario detallado de clases:**

As clases expositivas e interactivas terán lugar en horario de **16:00 a 18:00** horas na **Facultade de Filoloxía** os seguintes días (xoves e venres) dos meses de setembro, outubro e novembro:

Curso 2021-2022	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4
Setembro	9, 10, 16, 17, 23, 24, 30			
Outubro		1, 7, 8, 14, 15, 21, 22	28, 29	
Novembro			4, 5	5, 11, 12, 18

➤ **Páxina web recomendada:** <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/>

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

Fundamentos metodolóxicos e novas tecnoloxías pretende achegar o alumno ao estudo da Idade Media a partir dos métodos e perspectivas que fornecen as disciplinas principais que sustentan o Máster: a Filoloxía, a Historia e a Historia da Arte. En función desta premisa, a programación non só introducirá os estudantes na aprendizaxe das principais liñas metodolóxicas que definen a investigación nas áreas de coñecemento citadas, senón que tamén os iniciará no manexo analítico das fontes históricas, artísticas e literarias. Así mesmo, a materia propiciará que o alumnado coñeza e empregue as novas tecnoloxías aplicadas á investigación nos estudos medievais e as use como medio de estudo, información e comunicación.

Polo tanto, a materia está concibida como base para o resto da estrutura curricular que integra o Máster, en canto pretende asentir os coñecementos e a metodoloxía que permitan emprender a investigación da Idade Media desde unha perspectiva pluridisciplinar. O curso ten, polo tanto, un carácter propedéutico fundamental na formación do estudante, xa que o preparará para afrontar as fontes primarias de estudo (singularmente os textos e as imaxes) coas técnicas e instrumentos oportunos.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- 1) Reforzar a formación adquirida previamente polos estudantes para afondar no estudo da historia, a arte, a lingua e a literatura medievais nas súas diferentes manifestacións, con especial atención aos aspectos metodolóxicos e/ou epistemolóxicos.
- 2) Capacitar os alumnos para que adquiran un bo coñecemento dos fundamentos metodolóxicos e dos procedementos de indagación, análise e interpretación máis relevantes nos ámbitos de estudo indicados no punto precedente.
- 3) Preparar os alumnos para manexar e utilizar as edicións críticas dos textos medievais de forma correcta.
- 4) Dar a coñecer aos estudantes ferramentas e técnicas básicas para acceder á actividade investigadora desde unha perspectiva comparada e pluridisciplinar.
- 5) Habilitar ao alumnado no coñecemento e manexo de diferentes ferramentas informáticas de interese para os medievalistas.

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

Dada a previsible heteroxeneidade do alumnado, o grao de afondamento en cada un dos temas que de seguido se indican variará segundo os intereses dos discentes. Este aspecto será avaliado e comentado na primeira sesión do curso. Do mesmo modo, os contidos propostos poden sufrir lixeiras modificacións en función das necesidades concretas dos estudantes.

Os contidos que contempla a programación son os seguintes:

1. Historia

- 1.1. Fundamentos metodolóxicos e historiográficos da historia medieval.
- 1.1. O Concepto de Historia medieval na sociedade global.
- 1.2. Tendencias historiográficas na historia medieval.
- 1.3. Metodoloxía e elementos metodolóxicos en e para o estudio da historia medieval.
- 1.4. Tipoloxías textuais para a historia medieval
- 1.5. As relacións entre as Novas Tecnoloxías e a historia medieval.

2. Historia da Arte

- 2.1. Introducción ao estudio da imaxe como medio de coñecemento.

- 2.2. A mirada iconográfica e a interpretación: texto, imaxe e posibilidades do medio. A linguaxe das imaxes e o estatuto da representación.
- 2.3. A imaxe medieval: métodos de aproximación e estudo.
- 2.4. A imaxe como reservorio cultural: coñecemento e visión do mundo na Idade Media.
- 2.5. Enciclopedias e bestiarios medievais: dous casos de estudo.

3. Filoloxía e Crítica textual

- 3.1. A importancia do texto como núcleo de investigación. A tipoloxía das edicións de textos.
- 3.2. A edición crítica. Principais correntes metodolóxicas.
- 3.3. Estrutura e exemplificación do proceso de edición crítica.
- 3.4. Da teoría á práctica: particularidades da edición de textos medievais en prosa e verso.
- 3.5. A edición de textos medievais e as novas tecnoloxías.

4. Análise de recursos e ferramentas informáticas

- 4.1 Debates das Humanidades Dixitais: investigación e ensinanza.
- 4.2 Ferramentas para a análise textual e cultural: portais temáticos, arquivos, *corpora* lexicográficos, bases de datos, bibliografías, edicións, minería textual, visualizacións, anotacións, *coding* e xeorreferenciación.
- 4.3 Ferramentas para o estudo da literatura galego-portuguesa.
- 4.4 Ferramentas para o estudo das literaturas castelá e catalá.

A distribución dos contidos entre os profesores da materia será a seguinte:

- 1) Profesor Israel Sanmartín Barros (2 créditos: 9, 10, 16, 17, 23, 24 e 30 de setembro): contidos do bloque 1.
- 2) Profesora Fátima Díez Platas (2 créditos: 1, 7, 8, 14, 15, 21 e 22 de outubro): contidos do bloque 2.
- 3) Profesora Déborah González (1 crédito: 28 e 29 de outubro; 4 e 5 de novembro): contidos do bloque 3.
- 4) Profesor Juan M. Escourido (1 crédito: 5, 11, 12 e 18 de novembro): contidos do bloque 4.

5. BIBLIOGRAFÍA

1. Referencias instrumentais para unha metodoloxía historiolóxica

- Abeele, B. Van de-Yante, J.M. eds., *Typologie des sources du Moyen Âge Occidental (TYP)*, Tournhout, Brepols, 1972-2012.
- Amat, N., *El libro mudo. Las aventuras del escritor entre la pluma y el ordenador*, Madrid, Anaya&Muchnick, 1994.
- Ankersmit, F.R., *Historia y tropología. Ascenso y caída de la metáfora*, México, F.C.E., 2004.
- Appleby, J.-Hunt, L.-Jacob, M., *La verdad sobre la historia*, Santiago de Chile, Andrés Bello, 1994.
- Aróstegui, J., *La investigación histórica. Teoría y método*, Barcelona, Crítica, 1995.
- Auciello, N.-Racinaro, R. eds., *Storia dei concetti e semantica storica*, Napoli, E.S.I., 1990.
- Bardin, L., *Análisis de contenido*, Madrid, Akal, 1977.
- Bermejo Barrera, J.C., *Fundamentación lógica de la Historia. Introducción a la Historia Teórica*, Madrid, Akal, 1991.
- Bermejo Barrera, J.C., *Introducción a la historia teórica*, Madrid, Akal, 2009.
- Cardona, G.R., *Antropología de la escritura*, Barcelona, Gedisa, 2013.
- Cardoso, C., *Introducción al trabajo de investigación histórica. Conocimiento, método e historia*, Barcelona, Crítica, 2000.
- Cardoso, C.-Pérez Brignoli, H., *Los métodos históricos*, Barcelona, Crítica, 1999.
- Carr, E.H., *¿Qué es la historia?*, Barcelona, Seix Barral, 1966.
- Chartier, R., *El presente del pasado: Escritura de la historia de lo escrito*, México, Univ. Iberoamericana, 2008.
- Dosse, F., *Paul Ricoeur - Michel de Certeau. La historia / Entre el decir y el hacer*, Buenos Aires, Nueva Visión, 2009.
- Eco, U., *Los límites de la interpretación*, Barcelona, Lumen, 1992.
- Galasso, G., *Nada más que historia. Teoría y metodología*, Barcelona, Ariel, 2001.
- Godelier, M., *Lo ideal y lo material: pensamiento, economías, sociedades*, Madrid, Taurus, 1989.
- Guenée, B., *Le métier d'historien au Moyen Âge. Etudes sur l'historiographie médiévale*, Paris, Sorbonne, 1977.
- Guenée, B., *Histoire et culture historique dans l'Occident Médiévale*, Montaigne, Aubievy, 1980.
- Guerreau, A., *El futuro de un pasado. La Edad Media en el siglo XXI*, Barcelona, Crítica, 2002.
- Gumbrecht, H.U., *Producción de presencia. Lo que el significado no puede transmitir*, México, Universidad Iberoamericana, 2005.
- Jenkins, K., *¿Por qué la historia? Ética y postmodernidad*, México, F.C.E., 2006.

- Judt, T., *Algo va mal*, Madrid, Taurus, 2010.
- Koselleck, R., *historia/Historia*, Madrid, Trotta, 2004.
- Koselleck, R., *Historias de conceptos. Estudios sobre semántica y pragmática del lenguaje político y social*, Madrid, Trotta, 2012.
- Krippendorff, K., *Metodología de análisis de contenido. Teoría y práctica*, Barcelona, Paidós, 1990.
- L'écrit dans la société médiévale. Divers aspects de sa pratique du XI au XV siècle*, París, Editions CNRS, 1991.
- Le Goff, J., *El orden de la memoria. El tiempo como imaginario*, Barcelona, Paidós, 1991.
- Mattoso, J., *A escrita da história. Teoria e métodos*, Lisboa, Estampa, 1988.
- Petrucchi, A., *La descrizione del manoscritto. Storia, problemi, modelli*, Roma, La Nuova Italia Scientifica, 1992.
- Petrucchi, A., *Prima Lezioni di Paleografia*, Roma, Laterza, 2007.
- Pocock, J.G.A., *Pensamiento político e historia. Ensayos sobre teoría y método*, Madrid, Akal, 2011.
- Schmitt, J.C.-Oexle, O.G., *Les tendances actuelles de l'histoire du Moyen Âge en France et en Allemagne*, París, Pubs. de la Sorbonne, 2002.
- Stubbs, M., *Análisis del discurso*, Madrid, Alianza, 1987.
- Topolsky, J., *Metodología de la historia*, Madrid, Cátedra, 1985.
- White, H., *Ficción histórica, historia tradicional y realidad histórica*, Buenos Aires, Prometeo, 2010.
- Zumthor, P., *La medida del mundo*, Madrid, Cátedra, 1994.

2. Historia da Arte

- Botterill, S., "The form of Dante's Minotaur", en *Forum Italicum*, 22, 1988, pp. 60-76.
- Camille, M., *El ídolo gótico. Ideología y creación de imágenes en el arte medieval*, Madrid, Akal, 2000.
- Castiñeiras, M.A., *Introducción al método iconográfico*, Ariel, Barcelona, 1998.
- Castiñeiras, M.A., "A poética das marxas: Bestiario, fábulas e mundo ao revés", en *Sémata (Profano y pagano en el arte gallego)*, M. A. Castiñeiras González y F. Díez Platas, coords.), nº 14, pp. 293-334, 2003.
- Davy, M.M., *Iniciación a la simbología románica*, Madrid, Akañ, 1996.
- Fernández Arenas, J., *Teoría y Metodología de la Historia del Arte*, Barcelona, . Ed. Anthropos, 1990 (1982, 1ª).
- García Avilés, A., "Imagen, texto, contexto", en *Boletín del Museo del Prado*, 17, 36, 2000, pp. 101-118.
- Grabar, A., *Las vías de creación de la iconografía cristiana*, Madrid, Alianza, 1985.

- Mâle, É., *L'art religieux du XII^e siècle en France. Étude sur les origines de l'iconographie du Moyen Âge*, 2^a ed., París, Armand Colin, 1928.
- Moralejo Álvarez, S., *Formas elocuentes. Reflexiones sobre la teoría de la representación*, Madrid, Akal, 2004.
- Palazzo, E., *Histoire des livres liturgiques: le Moyen Âge. Des origines au XII^e siècle*, París, Beauchesne, 1993.
- Palazzo, E., *L'Evêque et son image : l'illustration du pontifical au Moyen Âge*, Turnhout, Brepols, 1999.
- Panofsky, E.-Saxl, F., "Classical Mythology in Medieval Art", *Metropolitan Museum Studies* 4, (1932-1933), 228-280.
- Panofsky, E., *Renacimiento y renacimientos en el arte occidental*, Madrid, Alianza Universidad, 1981.
- Panofsky, E., *El significado de las artes visuales*, Madrid, Alianza, 1979.
- Panofsky, E., *Estudios sobre iconología* (1939), trad. Madrid, Alianza, 2008.
- Riesco Terrero, A. (ed), *Introducción a la paleografía y la diplomática general*, Madrid, Síntesis, 1999.
- Saxl, F., *La vida de las imágenes: estudios iconográficos sobre el arte occidental*, Madrid, Alianza Forma, 1989.
- Schlosser, J., *La literatura artística*, Madrid, Cátedra, 1993.
- Sebastián, S., *Mensaje simbólico del Arte Medieval. Arquitectura, Iconografía, Liturgia*, Madrid, Encuentro, 1994.
- Sureda, J., *El despertar de Europa (El arte del románico y del gótico)*, Barcelona, Planeta, 2006.
- Tamayo, A., *Archivística, diplomática y sigilografía*. Madrid, Cátedra, 1996.
- Wirth, J., *L'image Médiévale. Naissance et développements*, París, Méridiens Klincksieck, 1989.
- Yarza Luaces, J., *Fuentes de la Historia del Arte*, Madrid, Ed. Historia 16, 1997.

3. Filología

- Agostino, Alfonso d', *Capitoli di filologia testuale*, Milano, CUEM, 2006.
- Avalle, d'A. S., *Principi di critica testuale*, Padua, Antenore, 1978 (2^a ed.).
- Avalle, d'A. S., *La doppia verità. Fenomenologia ecdotica e lingua letteraria del medioevo romanzo*, Florencia, Ed. del Galluzzo, 2002.
- Blecua, A., *Manual de crítica textual*, Madrid, Castalia, 1990.
- Bourgain, P.-Vielliard, F. (coords.), *Conseils pour l'édition des textes médiévaux. III. Textes littéraires*, París, CTHS-École Nationale des Chartes, 2002.
- Brambilla Ageno, F., *L'edizione critica dei testi volgari*, Padua, Antenore, 1975.
- Brown, M. P., *A Guide to the Western Historical Scripts from Antiquity to 1600*, Londres, The British Library, 1993.

- Cavallo, G.-Leonardi, C.-Menestò, E. (eds.), *Lo Spazio letterario del medioevo. 1, Il medioevo latino*, Roma, Salerno, 1992-1998, 6 vols.
- Contini, G., *Breviario di ecdotica*, Milán-Napolesi, Ricciardi, 1986.
- Hamesse, J. (ed.), *Les problèmes posés par l'édition critique des textes anciens et médiévaux*, Lovaina la Nueva, Université Catholique de Louvain, 1992.
- Huygens, R. B. C., *Ars edendi. Introduction pratique à l'édition des textes latins du Moyen Âge*, Turnhout, Brepols, 2001.
- Mantello, F. A. C.-Rigg, A. G. (eds.), *Medieval Latin. An Introduction and Bibliographical Guide*, Washington, The Catholic University of America Press, 1996.
- Orduna, G., *Ecdótica. Problemática de la edición de textos*, Kassel, Edition Reichenberger, 2000.
- Orduna, G., *Fundamentos de crítica textual*, Madrid, Arco Libros, 2005.
- Pérez Priego, M. A., *La edición de textos*, Madrid, Síntesis, 1997.
- Reynolds, L. D.-Wilson, N. G., *Copistas y filólogos*, Madrid, Gredos, 1988.
- Roncaglia, A., *Principi e applicazioni di critica testuale*, Roma, Bulzoni, 1975.
- Ruiz García, E., *Introducción a la codicología*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Rupérez, 2002.
- Sánchez-Prieto Borja, P., *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*, Madrid, Arco Libros, 1998.
- Segre, C., *Semiótica filológica (Texto y modelos culturales)*, Murcia, Universidad de Murcia, 1990.
- Stussi, A. (ed.), *La critica del testo*, Bologna, Il Mulino, 1985.
- Vieillard, F.-Guyotjeannin, O. (coords.), *Conseils pour l'édition des textes médiévaux. I. Conseils généraux*, Paris, CTHS-École Nationale des Chartes, 2001.
- West, M. L., *Critica del testo e tecnica dell'edizione*, Palermo, L'Epos, 1991.

4. Recursos e ferramentas informáticos

- Cohen, D. e Scheinfeldt, T., *Hacking the academy : new approaches to scholarship and teaching from digital humanities*, Ann Arbor: University of Michigan Press, 2013.
- Eve, M. P., *Open Access and the Humanities. Contexts, Controversies and the Future*, Cambridge, Cambridge University Press, 2014
- Gardiner, E.-Musto, R. G., *The Digital Humanities. A Primer for Students and Scholars*, Cambridge, Cambridge University Press, 2015
- Gold, M. *Debates in the digital humanities*. Minneapolis: Univ of Minnesota Press, 2012
- Gold, M. e Klein, F. *Debates in the digital humanities 2016*, Minneapolis: Univ of Minnesota Press, 2016.
- Gold, M. e Klein, F. *Debates in the digital humanities 2019*, Minneapolis: Univ of Minnesota Press, 2019.

- Guldi, J. "What Is the Spatial Turn?", Charlottesville: University of Virginia Scholars Lab, 2010.
- Leonardi, L. (ed.), *Testi, manoscritti, ipertesti. Compatibilità informatica e letteratura medievale. Atti del Convegno Internazionale (Firenze, Certosa del Galluzzo, 31 maggio - 1 giugno 1996)*, Florencia, Sismel, 1998.
- Lucía Megías, J. M., *Literatura románica en Internet. Los textos*, Madrid, Castalia, 2002.
- Lucía Megías, J. M.-Vargas Díaz-Toledo, A. (coords.), *Literatura románica en Internet. Las herramientas*, Madrid, Castalia, 2006.
- Moretti, F., *Graphs, Maps, Trees: abstract models for a literary history*, Nova York: Verso.
- Pierazzo, E., *Digital Scholarly Editing. Theories, Models and Methods*, London, Routledge, 2015.
- Seminario de Historia Medieval, Aragón en la Edad Media. Pescar o navegar. La Edad Media en la red. Sesiones de trabajo*, Zaragoza, Universidad, Departamento de Historia Medieval Ciencias y Técnicas Historiográficas y Estudios Arabes e Islámicos, 2004.
- Schreibman, S.-Siemens, R.-Unsworth, J. (eds.), *A Companion to Digital Humanities*, Oxford, Blackwell, 2004.

6. COMPETENCIAS A ACADAR

- 1) Coñecemento da tipoloxía e casuística das fontes históricas, artísticas, lingüísticas e literarias, o seu adecuado tratamento, a súa inserción nos contextos respectivos e as distintas posibilidades que ofrece a análise sistemática das mesmas no ámbito investigador.
- 2) Coñecemento das posibilidades metodolóxicas e dos novos enfoques que se poden empregar nas distintas disciplinas que configuran o Máster en 'Estudos medievais'.
- 3) Capacidade para empregar na investigación unha serie de procedementos instrumentais e de ferramentas técnicas e bibliográficas indispensables para o estudo e coñecemento da Idade Media europea.
- 4) Capacidade para establecer contactos con outras disciplinas que teñen como obxecto de estudo a Idade Media e para saber reflexionar sobre a necesidade de achegarse a este período desde unha perspectiva comparada e pluridisciplinar.
- 5) Coñecemento dos principais métodos para a recuperación e a edición dos textos medievais, así como da capacidade para distinguir, utilizar e realizar distintos tipos de edicións textuais.

- 6) Habilidade no manexo de fontes de información en soporte electrónico que permitan obter datos primarios e secundarios para a realización das investigacións nos ámbitos histórico, artístico e filolóxico.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

***AVISO:** A METODOLOXÍA AQUÍ RECOLLIDA SÓ É VÁLIDA NO CASO DE QUE A DOCENCIA (EXPOSITIVA E INTERACTIVA) TEÑA CARÁCTER PRESENCIAL. PARA A DOCENCIA MIXTA OU VIRTUAL, VÉXASE O APARTADO DE OBSERVACIÓNS.

O desenvolvemento da materia terá dúas vertentes: actividades formativas presenciais e actividades formativas non presenciais.

1) As actividades formativas presenciais serán as seguintes:

- (a) Clases teóricas dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto de estudo. Esas clases serán impartidas polos profesores, que solicitarán nas exposicións a participación activa dos estudantes. Para as explicacións, os docentes empregarán os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) que se estimen oportunos en función dos contidos abordados.
- (b) Clases prácticas dedicadas á lectura e comentario de textos, á realización de exercicios nos que se apliquen os métodos e conceptos estudados e á análise práctica de diferentes ferramentas informáticas e recursos electrónicos. As clases serán orientadas polos profesores e contarán coa participación dos alumnos. Unha clase interactiva correspondente aos contidos do apartado 3 terá lugar no Arquivo da Catedral de Santiago ou na Sala de investigadores da Facultade de Filoloxía.
- (c) Tutorías en grupos reducidos e individualizadas. Nelas ofrecerase aos estudantes orientacións para o seguimento da materia e/ou para afondar nos contidos estudados, así como orientacións bibliográficas e metodolóxicas para a realización dos traballos aos que se fai referencia no punto 2.b.
- (d) Utilizarase o Campus Virtual da USC para a presentación de materiais e contidos e, de ser o caso, para a realización dalgunhas actividades.

2) As actividades formativas non presenciais incluírán:

- (a) Principalmente, o traballo autónomo do alumno, que este organizará de forma persoal e libre, e que debe de servir para a correcta adquisición e asimilación dos

contidos das sesións presenciais. Este traballo debe incluír, entre outras cousas, a lectura de páxinas da bibliografía recomendadas, a busca e selección de material bibliográfico novo ou o adestramento no manexo das correspondentes ferramentas informáticas.

(b) Preparación dun traballo individual escrito (máximo 15 páxinas), que poderá consistir na recensión crítica dun libro ou dalgúns artigos relevantes, no estudo e valoración dalgunha fonte histórica, no ensaio de edición dun texto breve, no comentario e análise dalgún dos recursos informáticos presentados no curso, ou en calquera outra posibilidade relacionada cos contidos da materia e que conte coa aprobación dos docentes. Cada estudante deberá acordar cun dos profesores o tema do seu traballo antes do 31 de outubro de 2021. Para a **1ª oportunidade** de avaliación, a data límite para entregar o traballo é o **14 de xaneiro de 2022**. Para a **2ª oportunidade** de avaliación, a data límite para entregar o traballo é o **6 de xuño de 2022**. Deberá ser enviado por correo electrónico (non será necesario entregar copia impresa) dirixido ao correo institucional de cada un dos profesores da materia.

No final desta guía (apartado 11), indícanse algunhas das pautas fundamentais para a elaboración do traballo.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

VER OBSERVACIÓNS

Todos os alumnos deberán participar obrigatoriamente nas clases presenciais e tomar parte activa nas diferentes actividades desenvolvidas nas mesmas, xa que estas se conciben como un recurso co que fomentar a implicación dos estudantes na adquisición e asimilación dos contidos. No sistema de avaliación, a participación activa e continuada en todas as actividades suporá o 30% da cualificación total. Valoraranse, pois, a pertinencia e a calidade de todas as intervencións de cada estudante, especialmente nas distintas actividades prácticas que se vaian propoñendo. A asistencia verificarase mediante a sinatura do alumno en cada unha das clases; calquera ausencia deberá ser debidamente xustificada diante do profesor e, no caso de que as ausencias xustificadas superen as 2 horas, o estudante deberá acordar cos docentes algunha actividade compensatoria, para que se lle poida ter en conta no proceso de avaliación.

O traballo individual ao que se fai referencia no apartado precedente suporá o 70% restante da cualificación total. Nel valoraranse, por unha parte, a claridade e organización

da exposición (30% da cualificación total), e, por outra, a calidade e a pertinencia dos contidos (70% da cualificación total).

O sistema de avaliación será o arriba descrito para calquera das dúas oportunidades ás que pode concorrer o alumno. A data límite de entrega será o **14 de xaneiro de 2022 para a 1ª oportunidade** de avaliación e o **6 de xuño de 2022 para a 2ª oportunidade**. O modo de entrega será a través do correo electrónico dirixido ao correo institucional de cada un dos docentes da materia.

No caso daqueles **alumnos que teñan dispensa oficial de asistencia ás clases**, o sistema de avaliación consistirá exclusivamente (100% da cualificación) na recensión de 1 lectura especializada por cada un dos bloques temáticos (é preciso que a/o estudante contacte con cada un dos profesores, que poderán dar as instrucións oportunas) e da elaboración dun traballo individual acordado previamente coa coordinadora da materia. Este traballo será valorado cos mesmos criterios que se lle aplicarán aos alumnos ordinarios. A data límite de entrega será igualmente o 14 de xaneiro de 2022 para a 1ª oportunidade de avaliación e o 6 de xuño de 2022 para a 2ª oportunidade. O modo de entrega será tamén a través do correo electrónico dirixido ao correo institucional de cada un dos docentes da materia.

Os estudantes que repitan a materia poderán tamén acollerse ao sistema de avaliación previsto para os alumnos con dispensa oficial de asistencia, sempre que así o concerten cos docentes ao inicio do cuadrimestre.

*Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

9. ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo total do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo obrigatorio dirixido polos profesores e as restantes 75 horas (50%) a traballo autónomo e libre por parte dos estudantes. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 48 horas de actividades formativas presenciais (o que supón o 32% do traballo total) e 27 horas de actividades dirixidas non presenciais.

A distribución das actividades descritas no apartado de metodoloxía en horas de traballo do alumno será a seguinte:

- 1) Clases expositivas: 18 horas presenciais e 36 horas non presenciais.
- 2) Clases prácticas-interactivas: 24 horas presenciais e 48 horas non presenciais.
- 3) Tutorías programadas: 6 horas presenciais e 18 horas non presenciais (estas horas non presenciais estarán principalmente dedicadas á preparación do traballo descrito no apartado 7.2.b).

10. OBSERVACIÓNS

PLAN DE CONTINXENCIA

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

I.- Escenario 2: Distanciamiento

Respecto da **metodoloxía**, no caso de que unha parte das sesións expositivas se teñan que impartir de maneira virtual os estudantes seguirán as clases con mecanismos síncronos a través das plataformas institucionais postas a disposición pola USC. Polo que respecta ás clases interactivas, un mínimo do 50% desenvolverase de maneira presencial. A asistencia a clase é obrigatoria e pasarase control de asistencia.

Os profesores facilitarán ás/aos estudantes materiais de aprendizaxe tanto para complementar os contidos das clases expositivas como para a realización das tarefas interactivas e do correspondente traballo monográfico. As actividades das sesións interactivas fixaranse conforme a un calendario flexible establecido polos docentes en función da progresión acadada nos contidos das clases expositivas. En calquera caso, os profesores da materia promoverán e controlarán mecanismos de retroalimentación e autoavaliación do alumnado. Neste escenario, as tutorías poderán ser atendidas preferentemente mediante os medios telemáticos habilitados pola USC.

O **sistema de avaliación** non variará respecto do empregado na docencia con presencialidade física (escenario 1).

O traballo escrito deberá ser subido á aula virtual e enviado tamén por correo electrónico dirixido ao enderezo institucional de cada un dos profesores da materia (Data límite de entrega: 14 de xaneiro de 2022 na 1ª oportunidade; 6 de xuño de 2022 na 2ª oportunidade).

II.- Escenario 3: Peche das instalacións

A **metodoloxía** de ensino será totalmente virtual e desenvolverase de modo síncrono a través das plataformas institucionais postas a disposición pola USC. A asistencia a clase por medios telemáticos ten carácter obrigatorio e pasarase control de asistencia.

O **sistema de avaliación** non variará respecto do empregado na docencia con presencialidade física (escenario 1).

• OUTRAS INFORMACIÓNS RELEVANTES PARA O SISTEMA DE AVALIACIÓN NOS ESCENARIOS 2 e 3

1) Na segunda oportunidade, a avaliación efectuarase exclusivamente a través da elaboración de 1 traballo monográfico, que se subirá á aula virtual e que tamén deberá ser enviado por correo electrónico dirixido ao enderezo institucional de cada un dos profesores da materia.

2) Os **estudantes con dispensa de asistencia** a clase serán avaliados a través da recensión de 1 lectura especializada por cada bloque temático (contactando previamente a cada profesor) e de 1 traballo monográfico (acordado previamente coa coordinadora), que serán entregados nas datas establecidas para cada oportunidade.

*Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

11. SUPLEMENTO: Recomendacións para a realización do traballo individual

Como se indica no apartado 7 de Metodoloxía (punto 2.b), cada estudante —en función dos seus intereses investigadores— acordará cun dos profesores da materia o tema do seu traballo antes do 31 de outubro de 2021. A data límite para entregar a versión definitiva do traballo é o **14 de xaneiro de 2022** (1ª oportunidade) ou o **6 de xuño de 2021** (2ª oportunidade).

En liñas xerais, a elaboración dos traballos deberá de seguir as seguintes **pautas**:

- Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta (e persoal) dos materiais obxecto de estudo.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais da bibliografía empregada e remitir en nota ás obras utilizadas para completar a información.
- Extensión máxima: 15 páxinas, en letra Times New Roman, de corpo 12, con entreliña de 1,5 (agás para as notas de rodapé, que irán en corpo 10 e a espazo simple).
- Bibliografía: figurará ao final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas de rodapé: abreviadas (segundo unha das seguintes opcións): a) Apelido, ano: pp.; b) Apelido, *tít.abrev.*, pp.
- Os estudantes coidarán de xeito especial a redacción e a puntuación do texto.
- O traballo incluírá un índice, unha breve introdución que explique os obxectivos que se desenvolverán no mesmo e unha conclusión.